

PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Portomarin conta con instalacións socio-culturais e gastronómicas de titularidade municipal sitas nas parroquias de Bagude, Castro de Soengas, Caborrecelle, soengas, Recelle, Portomarin e Vedro.

Aínda que devanditos locais se atopan ao dispor de todos/as os/as veciños, residentes e empadroados no municipio de Portomarin, estes gozan de certas particularidades que, en razón da súa localización, creación, orixe, etc..., téñense en conta na presente normativa reguladora.

Este Regulamento estrutúrase en trece artigos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e unha disposición final.

Artigo 1.– Obxecto e ámbito de aplicación.

O Concello de Portomarin, en uso das potestades de auto organización, recoñecidas no Art.4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e das competencias recoñecidas ao Concello, establece o servizo cultural consistente na utilización dos locais habilitados para o efecto como centro socio-cultural e gastronómico na casa das escolas das parroquias de Bagude, Castro de Soengas, Caborrecelle, Soengas, Recelle e Vedro e no gastrobradorio de Portomarin.

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación da autorización de uso eventual, para unha ou varias actuacións concretas, dos locais citados e o uso que dos mesmos haxan de facer os autorizados.

Os interesados na utilización de locais municipais deben obter autorización do Concello con carácter previo.

Artigo 2.– Solicitudes.

1. Enténdese como solicitante, a persoa física que solicita o local en nome dun grupo de persoas (en diante usuarios/as), que son os que gozarán segundo a solicitude realizada polo solicitante.

2. O/a solicitante deberá ser obrigatoriamente un/ha de os/as usuarios/as que gozará do servizo.

3. Os/as solicitantes poderán ser:
- a. Maiores de idade.
 - b. Asociacións sen ánimo de lucro.

Artigo 3.– Limitacións dos/as solicitantes.

1. Todos/as os/as solicitantes terán 18 anos cumpridos á hora de realizar a solicitude.

2. Todos/as os/as solicitantes estarán sometidos/as ao dereito preferente do Concello, que motivado por algunha razón organizativa, de prestación de servizos ou calquera outra invalide calquera solicitude de uso. Se se dese este caso, o Concello poderá conceder segundo o seu criterio, dereito especial de uso.

3. As asociacións definidas no artigo 3, virán representadas polos seus representantes legais ou por aqueles que delegasen esta función.

4. Todos/as os/as solicitantes, así como o grupo que conforman os/as usuarios/as ao que se refire a petición, só poderán pedir un só local por día, no horario establecido, sen que nunca poida chegarse ao fraccionamento (fraccións por hora, medio día, etc.).



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

5. Todos/as os/as solicitantes, así como os/as usuarios/as, deberán cumprir as limitacións que se establecen na presente normativa e someteranse á mesma no momento de realizar a solicitude.

6. As autorizacións concedidas teñen o carácter de persoais e intransferibles, polo que en ningún caso poden ser obxecto de transmisión entre os/as solicitantes e os/as usuarios/as, polo que se terá obrigatoriamente que realizar unha nova solicitude ou acreditar a imposibilidade de que o/a solicitante acudise á mesma.

7. O/a solicitante perderá a condición da mesma se incorrese nalgún dos casos que se especifican no artigo 12.

8. O uso do local pola persoa ou asociación solicitante, limitárese a unha a semana.

Artigo 4.- Solicitudes.

1. Para realizar a solicitude, o solicitante terá que mandar un email a infoportomarin@concellodeportomarin.es ou a obras@concellodeportomarin.es ou comparecer fisicamente no Rexistro do Concello durante o seu horario de apertura ao público e encher o impreso de solicitude polo menos con 48 horas de antelación o día no que se queira facer uso del.

2. Poderase solicitar pasado o prazo, pero quedará condicionado a que haxa reserva algunha e o Concello poida contratar todos os servizos necesarios.

3. Na folla de solicitude deberanse cumprimentar os seguintes datos:

1.1 Nome e dous apelidos.

1.2 DNI.

1.3 Domicilio.

1.4 Teléfono de contacto.

1.5 Local Solicitado.

1.6 Data de nacemento.

1.7 Data de celebración.

1.8 Número de usuarios/ as.

1.9 Motivo da solicitude.

1.10 Nome e CIF da representación nos casos de asociacións.

De acordo co impreso estándar recollido no manual de trámites.

Artigo 5.- Concesión de autorizacións, confirmación de reserva e anulación.

1. Formulada a solicitude e enmendados, no seu caso, os defectos observados, o Concello outorgará o dereito ao uso ou a denegación do local por decreto de Alcaldía. No caso de que nun mes non se resolva, entenderase desestimada por silencio administrativo.

2. Para resolver o outorgamento de dereito de uso do local o Concello atenderá aos criterios e preferencias establecidos nos artigos 2 e 3.

3. No caso de concorrencia de peticións para un mesmo día este resolverase coa seguinte orde de preferencia:

1.- O/a solicitante que enviou a primeira solicitude (segundo hora de recepción do correo ou rexistro de entrada).

2.- O/a solicitante empadroado no Concello de Portomarin terá preferencia sobre calquer outro solicitante.

3.- O/a solicitante que menos veces disfrutará do uso do local.

4.- En caso de seguir co empate celebrarase un sorteo.



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

4. O Concello, motivadamente, poderá denegar a solicitude ou restrinxir o seu contido.

5. Así mesmo, as autorizacións poderán ser revogadas, sen dereito a indemnización, cando circunstancias sobrevindas debidamente xustificadas, ou o interese público, así o aconsellen.

6. Se a solicitude contén un número de asistentes maior que o aforo permitido para o local ou estivesen sancionados por algún dos supostos do artigo 12, será causa de denegación da autorización.

Artigo 6.- Aforo.

1. O número de usuarios/as, incluído o solicitante, non poderá superar o aforo establecido para o local en cuestión:

Local de O Cruceiro: 24 persoas

Local de Soengas: 50 persoas

Local de Bagude: 50 persoas

Local de Recelle: 55 persoas

Local de Castrolazaro: 60 persoas

Local de Caborrecelle: 20 persoas

Local de Portomarin: 55 persoas

Artigo 7.- Horario de uso.

Só se poderá autorizar unha solicitude por local e día.

Con carácter xeral establécese o seguinte horario de uso:

- Apertura: 10:30 h.

- Peche: De luns a xoves e domingos as 0:30 horas do día seguinte.

 Venres, Sábados e vésperas de festivos as 01:30 horas do seguinte.

A partir das 22:00 horas, quen permanecer dentro dos locais deberá comportarse con discreción, evitando producir ruídos, conversacións en voz alta, cancións, etc. que poidan causar molestias ou transcender ao exterior.

Ao abandonar o local, a partir das 22:00 horas, non se deberá permanecer xunto á porta ou as inmediacións, evitando os berros e tumultos que poidan resultar molestos á veciñanza.

Artigo 8.- Taxas e fianzas.

1. As taxas estarán reguladas pola ordenanza fiscal correspondente. O abono das taxas correspondente realizarase conforme ás seguintes normas:

a) A obrigaición do pago recaerá no/a solicitante das instalacións.

b) O abono deberá realizarse antes de realizar a solicitude, achegando con esta o xustificante do ingreso bancario segundo o impreso de autoliquidación, en caso de non ser autorizado o uso do local devolverase por parte do concello a cantidade ingresada ao número de conta que fixo a transferencia ou número de ocnta indicado por o/a solicitante.

2. As fianzas responden da correcta utilización do local e de calquera dano nas instalacións.

a) Establécese unha fianza de 150 €/día por solicitude para o Gastrobradoiro de Portomarin.

a) Establécese unha fianza de 50 €/día por solicitude para o resto dos locais municipais obxecto desta ordenanza.

Farase entrega do importe da fianza aos responsables do local mediante transferencia bancaria o día seguinte do uso do local e da entrega das chaves nas dependencias municipais unha vez comprobado por os servizos municipais o correto estado do local e mobiliario.



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

A fianza será recuperable se non aparecesen danos no local nin nos seus compoñentes.

Calquera dano inferior a fianza acometerase coa fianza depositada. Se o dano é superior a fianza depositada, a diferenza ata a totalidade será de responsabilidade do solicitante da reserva.

3. As anulacións de reservas con dereito a devolución das taxas satisfeitas, unicamente serán admitidas por causas debidamente xustificadas.

Artigo 9.- Prohibicións para solicitantes e usuario/as.

Tanto o/a solicitante así como os/as demais usuarios/as dos locais quedan suxeitos ás seguintes prohibicións:

1. Sacar mesas, cadeiras, ou calquera obxecto que estea dentro do inmovible.
2. Facer lume no exterior como grellas, barbacoas ou calquera obxecto que supoña un foco de calor.
3. Utilizar o local para un fin diferente ao expresado na solicitude.
4. Unha vez utilizado o local, deixar comida, bebidas, lixos ou calquera material que non se achase previamente no inmovible.
5. Instalar aparellos de música ou similares no exterior, sen autorización expresa do Concello.
6. Acender ou poñer en marcha aparellos de música ou similares no interior a un volume superior a 65 decibeis.
7. Ceder o seu uso a unha terceira persoa, por parte do/da solicitante.
8. Como local de titularidade pública e en cumprimento da lexislación reguladora do consumo de tabaco, queda terminantemente prohibido fumar no recinto do local. Queda terminantemente prohibido a práctica dentro do local de xogos de envite con diñeiro.

Artigo 10.- Obrigas dos/as solicitantes.

A persoa que asinou a solicitude ou, no seu caso, a Entidade á que representa, e que estea a utilizar o local, responsabilízase da actividade que se realiza no mesmo e comprométese a cumprir o Regulamento Interno.

Os/as usuarios/as do local deberán mantelo en perfecto estado de conservación e limpeza, evitando que ocorran altercados ou, en xeral, accións que poidan prexudicar ao inmovible ou ao equipamento.

Así mesmo, deberán respectar as indicacións dos/as responsables municipais ou encargados/as, gozando do espazo e materiais dispoñibles conforme co fin que lles é propio, e respondendo dos danos que puidesen causar a bens e persoas.

Tanto o/a solicitante, como os/as demais usuarios/as dos locais deberán cumprir as seguintes obrigacións que lles correspondan:

1. Cumprimentar a solicitude e abonar as taxas e respectar as prohibicións e o horario, e calquera indicación que por parte do Concello sexa transmitida ao beneficiario (incluso a petición dun seguro de responsabilidade civil).



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

2. Proceder á devolución das chaves.
3. Declarar calquera dano realizado utilizando a folla de suxerencias e danos.
4. Velar pola integridade do inmovible ou calquera que fosen os elementos que o integren, así como a obrigaón de comunicar as incidencias habidas.
5. Unha vez utilizado, apagar as luces, pechar a chave do gas, apagar os aparellos eléctricos (salvo aqueles que non o requiren), asegurarse de que as portas e xanelas quedan pechadas, recoller o utilizado e sacar o lixo xerado polo uso do local separada en función do sometemento a reciclaxe de cada unha.
6. Cumprir o presente regulamento e calquera das indicacións que o concello transmita ao solicitante tácitamente, de palabra ou por escrito.
7. Facilitar o control da actividade solicitada no local por parte do persoal do concello e da corporación.
8. Manter unha orde, limpeza e decoro dos materiais e servizos que se presten dentro do local, así como das indicacións que se mostren.

Artigo 11.– Actos públicos.

De conformidade co establecido nos art. 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en materia de uso dos locais municipais, establécese os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nesta normativa.

Quen utilice o local deberán respectar as indicacións dos/as responsables municipais ou encargados/as, gozando do espazo e materiais dispoñibles conforme co fin que lles é propio, e respondendo dos danos que puidese causar a bens e persoas.

Polo persoal do Concello efectuaranse as inspeccións oportunas comprobando o cumprimento da presente normativa polos/as usuarios/as, co fin de establecer actuacións e omisións constitutivas de infraccións administrativas.

1. As infraccións das normas contidas nesta normativa clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.1 Son infraccións moi graves:

- 1.1.1. Facer uso do local sen dispoñer da correspondente autorización e sen abonar os importes da taxa ou a fianza establecida.
- 1.1.2. Impedir o uso do local á persoa ou grupo que dispoña da correspondente autorización.
- 1.1.3. Facilitar o acceso ao local a menores de idade sen a asistencia ou presenza dos seus pais ou titores.
- 1.1.4. Producir de forma voluntaria danos, tanto nas instalacións e materiais dispoñibles para o seu uso, como na construción, que impiden o uso continuado do mesmo.
- 1.1.5. Superar o horario de peche en máis dunha hora ao límite establecido.
- 1.1.6. Ceder o uso a unha terceira persoa distinta do autorizado.
- 1.1.7. Ser sancionado durante o ano inmediatamente anterior á apertura do expediente sancionador, como autor de dúas infraccións leves ou unha infracción grave.
- 1.1.8. Facer un uso indebido das instalacións, dos servizos e dos materiais que se poñen ao dispor dos/as usuarios/as do local, causando danos aos mesmos ou producindo riscos inxustificadas.
- 1.1.9. Non proceder ao peche de portas e xanelas, así como das chaves do gas e aparellos eléctricos.
- 1.1.10. Non respectar o carácter de “espazo sen tabaco”.



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONS SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

1.2. Son infraccións graves:

- 1.2.1. Falsidade nalgún dos datos contidos na solicitude e que sexan determinantes para a concesión da autorización, sen prexuízo do acceso á vía xurisdiccional competente.
- 1.2.2. Producir mediante aparellos de música, megafonía, etc, ruídos excesivos que superen que os 65 decibeis.
- 1.2.3. Utilizar o local para un fin diferente ao establece na presente normativa.
- 1.2.4. Facer lume no exterior, ben con grella, barbacoas, etc, ben con calquera outro foco de calor que poida causar perigo á edificación e instalación ou alarma na poboación.
- 1.2.5. Sacar mesas, cadeiras ou calquera outro material do local, sen causa xustificativa algunha.
- 1.2.6. Ser sancionado durante ao ano anterior á apertura do expediente sancionar, como autor dunha infracción leve.
- 1.2.7. Non devolver ao Concello as chaves de acceso ao local no prazo de 48 horas desde a finalización do uso.

1.3. Son infraccións leves:

- 1.3.1. O incumprimento de calquera das obrigacións contempladas no artigo 7 da presente normativa.
- 1.3.2. Introducir alimentos ou outros obxectos para uso propio sen retiralos ao finalizar o período autorizado para o uso do local.
- 1.3.3. Causar danos no enxoval dispoñible ou nas instalacións existentes por non seguir a normativa establecida para o seu uso ou facer un uso inadecuado da mesma.
- 1.3.4. Calquera outro tipo de infracción do contido da presente normativa ou das instrucións que para a súa execución ditásenlle pola Alcaldía.

2. As infraccións contempladas nos apartados anteriores serán obxecto das seguintes sancións:

2.1 Infraccións moi graves: serán sancionadas con multa de entre 1.500 a 3.000 euros e a imposibilidade de acceder durante un período de cinco anos, ao local tanto o/a solicitante como os/ as usuarios/ as.

2.2 Infraccións graves: serán sancionadas con multa entre 751 e 1.500 euros, e, no caso de que a/s persoa/s autora/s haxa/n sido sancionada/s con anterioridade con outra sanción cualificada como grave ou superior, a imposibilidade de acceder durante un período de cinco anos, ao local, tanto o/a solicitante como os/as usuarios/as.

2.3 Infraccións leves: serán sancionadas con multa entre 200 e 750 euros, e, no caso de que a/s persoa/s autoras haxa/n sido sancionada/s con anterioridade con outra sanción cualificada como grave ou superior, a imposibilidade de acceder durante un período dun ano, ao local, tanto o/a solicitante como os/ as usuarios/ as.

3. No caso de que a persoa autora da infracción cualificada como leve fose sancionado con anterioridade como autor/a de unha infracción cualificada como grave ou moi grave, imponse a sanción accesoria da imposibilidade de acceder ao local polo período determinado para a infracción máis grave.

De igual modo de imponse a sanción accesoria indicada no suposto da tramitación do expediente sancionador por infracción grave.

4. No caso de que a infracción vaia acompañada de manifestacións ou contidos de tipo xenófobo, racista ou sexista, a sanción imponse no grao máximo.

5. Calquera infracción que non fose evidente poderase tomar como falta e non como infracción.



PROXECTO PARA CONSULTA PREVIA DO REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONS SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN.

Artigo 12.- Tramitación do expediente sancionador.

1. O expediente tramitarase conforme ao previsto en Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa de desenvolvemento.

Designarase a persoa instrutora do procedemento de conformidade coa normativa anteriormente indicada.

O órgano competente para a resolución dos procedementos sancionadores será a Alcaldía.

2. O/a responsable de calquera das infraccións da presente normativa será o/a solicitante da autorización, sen prexuízo da apertura dos expedientes correspondentes aos/as autores/as das infraccións contidas na presente normativa, respondendo solidariamente da sanción imposta a todos os/as usuarios/as do local. Enténdese por usuario/a toda persoa que concorre ao local para a realización das actividades a que está destinado o mesmo e para a que se concedeu polo Concello a correspondente autorización en base á solicitude formulada.

3. As sancións produciranse por incumprimento, tácito ou expreso, das obrigacións e deberes da persoa usuaria, que veñan contempladas nesta normativa e serán resoltas despois de valorar a situación.

4. Cando se cometan tres chamadas de atención, non poderá solicitar nin ter acceso ao uso de ningún local municipal no prazo dun ano contando dende o terceiro incumprimento.

Artigo 13.- Obrigas do Concello.

1. O Concello queda obrigado a realizar o mantemento dos locais, incluíndo a limpeza, o abono da auga, gas, electricidade, reposición dos materiais inutilizados e reparación de todas as instalacións que resulten deterioradas como consecuencia do uso normal das instalacións.

2. Unha vez determinada a solicitude que será obxecto da concesión da autorización, o Concello fará as xestións oportunas para facilitar o acceso ao local ou para entregar as chaves de acceso ao mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor transcorrido un mes desde a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

